



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de A Illa de Arousa (Pontevedra)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 13 de agosto de 2018, adoptou entre outros o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVIZOS.

4.8.- Dáse conta do expediente relativo ó investimento denominado SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS, por importe de 102.891,99 euros e se informa que o expediente de adjudicación iniciouse por providencia de Alcaldía de data 09 de agosto de 2018 e que se pretende a súa adjudicación por procedemento aberto simplificado, de acordo co disposto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 09 de novembro, de Contratos do Sector Público. Engade que se acompaña memoria explicativa redactada pola Arquitecta Municipal, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de xaneiro de 2018, resolución de excepción da presentación electrónica de ofertas, memoria xustificativa da necesidade do investimento e informe de Secretaría-Intervención en relación co procedemento a seguir e existencia de consignación orzamentaria no vixente orzamento municipal. Finalmente, que o investimento será financiado con aportación da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, ó amparo da Orde do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018., por importe de 40.000,00 euros, existindo consignación na partida 342.62501 do vixente orzamento de gastos.

Procedéndose á votación, acórdase por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno:

- 1.- A aprobación do expediente de contratación do SUBMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DEPORTIVO NO EDIFICIO DE USOS NÁUTICO-DEPORTIVOS, cun valor estimado de 85.034,70 euros e IVE por importe de 17.857,29 euros, cun total de 102.891,99 euros.
- 2.- A aprobación do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado, dispoñendo a publicación no perfil do contratante do anuncio licitación, cun prazo de presentación de ofertas de quince días a contar desde o seguinte o da inserción do correspondente anuncio de licitación, presentación que será de xeito presencial, polo que se exceptiona a presentación en formato electrónico.
- 3.- A aprobación do pliego de cláusulas administrativas particulares que a de rexer a execución do contrato.
- 4.- A aprobación dun gasto por importe de 102.891,99 euros, aplicando o mesmo á partida 342.62501 do vixente orzamento de gastos.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e ca salvedade do artigo 206 do ROF, na Illa de Arousa.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. Carlos Iglesias Cores

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello